



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 27 de outubro de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE OUTUBRO DE 2023.

ASUNTOS

*Declaración institucional sobre a situación de Israel en Palestina.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2023 do 29 de setembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de setembro de 2023 ata o 20 de outubro de 2023.
3. Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Agrupación Cultural Correlingua para financiar Na casa, na escola, bota a lingua fóra! na provincia da Coruña, no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa a A Mesa pola Normalización Lingüística para financiar a A liña do galego no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2023: Ciclo "Martes das artes", e do correspondente convenio.
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da ópera "Aida" e do Curso de interpretación vocal dentro da Programación Lírica de A Coruña 2023 e aprobación do correspondente convenio.
8. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a "Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2023" e aprobación do correspondente convenio.


Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

9. Aprobación do proxecto de obra DP 8001 Cruces a Penablanca, reforzo do firme, punto quilométrico 3+200 ao 7+910 (SOBRADO). Plan de Vías Provinciais 2023, Sétima Fase
10. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 2104 CARRAL A MEIRAMA. Mellora Seguridade Vial punto quilométrico 2+750 ao 2+900. Ponte sobre Rego do Castro (CARRAL). Plan de Vías Provinciais (VPI) 2022, segunda fase.



Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

11. Aprobación da única prórroga do contrato de Servizo de soporte, mantemento e xestión da infraestrutura que proporciona o servizo na nube de Mediateca lexislativa e actos do Salón de Sesións da Deputación da Coruña, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal SPICA, Sociedade Limitada.
12. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de DODRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible
13. Aprobacion da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CARBALLO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras do proxecto Carballo para a infancia
14. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de OROSO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o acondicionamento de zona de ocio e deportiva en Porto Avieira
15. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de NEGREIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o saneamiento e humanización da Rúa Rosalía de Castro
16. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de MUGARDOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a Reurbanización da Avenida Bello Piñeiro
17. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de AMES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a construción de beirarrúas na Avenida da Maía en Bertamiráns
18. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de MUROS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora da área de lecer infantil da avda. Castelao para mellorar a seguridade
19. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de OROSO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a execución de instalación de paneis de sinalización urbana para o casco urbano de Sigüeiro
20. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CABANAS polo que se instrumenta unha subvención nominativas para a mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os pks 20+940 e 21+460
21. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de TOURO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras de construcción de beirarrúas na marxe dereita da rúa Pucho Boedo
22. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de DUMBRÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o arranxo de camiños municipais
23. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CERCEDA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro"
24. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de COIRÓS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora rede viaria



núcleos rurais de Colantres e Coirós de Arriba

25. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de ABEGONDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos)
26. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CORISTANCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para estación depuradora de augas residuais en San Paio
27. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de LOUSAME polo que se instrumenta unha subvención nominativa para Mellora do viario en Croído
28. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de SANTISO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o programa aldeas con vida propia
29. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a instalación e urbanización exterior do centro social de Carreira
30. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de SAN SADURNIÑO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario
31. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de MIÑO polo que se subscribe unha subvención nominativa para renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu
32. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de OLEIROS polo que se subscribe unha subvención nominativa para a mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro para uso de albergue xuvenil municipal
33. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para proxecto de equipamento escénico para o novo auditorio de Ribeira
34. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de VILASANTAR polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a construción de nave para destinala a servizos básicos municipais
35. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de BOQUEIXÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora do viario da Moa a Pena
36. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de TRAZO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a Conservación de camiños en Alta e Baixa de Trazo
37. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CARRAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o proxecto de mellora da seguridade peonil no concello
38. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de SOBRADO DOS MONXES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a



mellora da capa de rodadura nos camiños e pistas de Sobrado

39. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de FERROL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata

40. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de VAL DO DUBRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre

41. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de CARRAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma de pistas deportivas na Rúa Pateo

42. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de FISTERRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a Rehabilitación do Pavillón polideportivo municipal

43. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello da BAÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o arranxo da pavimentación de vía públicas entre Vilar da Torre e Lañas

44. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de OZA CESURAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para mellora de firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueiredo, Carrés e Probaos

45. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de MAZARICOS polo que se subscribe unha subvención nominativa para a reforma e ampliación do edificio de protección civil da Picota

46. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a execución da rede de saneamento na DP-0510, ata o 31 de outubro de 2024

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

47. Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 por maior achega provincial

48. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da envolvente térmica da antiga escola unitaria de Corrubedo e o seu acceso", do Concello de Ribeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2200.0361.0

49. Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta" do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0061.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

50. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación



provincial e polo Consorcio Provincial Contraíncendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2023.

51. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraíncendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2023.

52. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2023 de aprobación polo Pleno.

53. Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de Recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2022.

54. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

55. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

56. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de San Sadurniño respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

57. Aprobación do cese da Deputación Provincial da Coruña na participación como membro e patrón institucional na Fundación Privada Democracia y Gobierno Local

58. Dación de conta das resolucións de presidencia números 36089/2023, 37775/2023 e 38816/2023 relativas a persoal eventual.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

59. Designación de segundo representante e dous suplentes da Deputación provincial da Coruña na Comisión de Seguimiento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Os Fogóns do Anllóns e Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión europea-NextGenerationEU

60. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de "A Economía Galega. Informe 2022".

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

61. Aprobación da prórroga e vixencia do convenio administrativo de colaboración co Concello de Ames para cofinanciar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES".

62. Aprobación da prórroga do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña para o exercicio de 2024.

63. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2023".




ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓN

Moción que presenta o Grupo Popular Provincial de A Coruña, para a defensa e protección do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á lentitude da Xunta de Galicia na tramitación das autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo melloras e investimentos na Rede Víaria Provincial.

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ocupación, o xenocidio e a limpeza étnica que o estado de Israel está a levar a cabo en Palestina.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de outubro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de outubro de 2023, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Os Sres. López Varela e Rey Martínez entran comezada a sesión, no punto número 49.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sra. Secretaria

Declaración institucional sobre a situación de Israel e Palestina.

Ante os acontecementos que se están a vivir na franxa de Gaza, o Pleno da Corporación Provincial da Coruña:

1. Condena enerxicamente todos os ataques contra a poboación civil do Estado de Israel e do Pobo Palestino.
2. Mostra a súa solidariedade con todas as vítimas destes actos e as súas familias.
3. Solicita o cesamento inmediato da violencia indiscriminada contra a poboación civil, tanto por parte do Estado de Israel como do grupo Hamas.
4. Esixe a liberación inmediata das persoas retidas, entre as que se atopan nenos e nenas e que están a ser utilizadas como “escudos humanos” no marco deste conflito.
5. Fai un chamamento para que calquera acto se realice no marco do Dereito Internacional e sen afectar á poboación civil.
6. Insta ao Gobierno de España e á Unión Europea a activar todos os mecanismos diplomáticos que estean nas súas mans para evitar unha escalada rexional do conflito e a perda de máis vidas inocentes nun firme compromiso pola paz, a seguridade e a estabilidade na rexión.
7. Insta ás partes a garantir o acceso á atención sanitaria, á axuda humanitaria e á axuda ao desenvolvemento destinada a garantir a cobertura das necesidades básicas e dereitos da poboación civil.
8. Rexeita todas as medidas unilaterais que afastan a perspectiva da solución dos dous Estados, única resposta ás lexitímas aspiracións nacionais de palestinos e israelís e elemento clave para a paz e a seguridade.
9. Convida á comunidade internacional a traballar por facer efectiva esta solución dos dous Estados conforme ao Dereito Internacional e ás resolucións de Nacións Unidas e na que se garanta unha coexistencia en paz e seguridade.
10. Apoia as declaracóns do Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, referentes a claras violacións ao dereito internacional humanitario que se están perpetrando na franxa de Gaza.
11. Dar traslado da presente Declaración ao Goberno de España.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2023 do 29 de setembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 13/2023 do 29 de setembro.


2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de setembro de 2023 ata o 20 de outubro de 2023.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 23 de setembro de 2023 ata o 20 de outubro de 2023.

3.- Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.


Con data do 18 de outubro de 2023 a composición das Comisións informativas é a seguinte:



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECINOS
COMISIÓN DE CULTURA, IGUALDADE, LINGUA E DEREITOS CIVÍS 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Natividad de Jesús González Rodríguez Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat Ruiz	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, José Carlos Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Méndez Vilela, María Del Mar	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia Mariña Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad González Rodríguez, Natividad De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE DEPORTE 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: Manuela Muñiz Souto	López Varela, José Manuel Novo Gómez, María Jesús Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto Rodríguez Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia Mariña Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad Neira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE SECTORES PRODUTIVOS: MAR E MEDIO RURAL 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Cristina Capelán Cancelo Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, Carlos Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia Mariña	García Rey, Cristina González Rodríguez, Natividad De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, EDUCACIÓN E MOVIDADE 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Maria Del Mar García Vidal Secretaria: Carolina Buhigas Jack	García Gorostizu, Izaskun López Varela, José Manuel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús Rodríguez Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia Mariña	González Rodríguez, Natividad De Jesús Neira González, Avia	Ángel García Seoane




COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ⁱ	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECINOS
COMISIÓN DE INFRAESTRUCTURAS VARIAS E OBRAS PROVINCIAIS 17:00 h miércoles Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Mónica Rodríguez Ordóñez Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia Mariña Veira González, Avia Rodríguez Ordóñez, Mónica	Penas Corral, Xosé Luis García Rey, Cristina	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTOS 17:30 h miércoles Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Luis Penas Corral Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia Mariña Penas Corral, Xosé Luis Rodríguez Ordóñez, Mónica	García Rey, Cristina	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE PLANS PROVINCIAIS E ASISTENCIA A MUNICIPIOS 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Cristina García Rey Secretaria: Susana Rouco Penabad	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	García Rey, Cristina	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Ramón Rioboo Castro Secretaria: Mª José Vázquez Sesmonde	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Rodríguez Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avia	Ángel García Seoane



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ⁱ	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECINOS
COMISIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA, ARTESANÍA, COMERCIO E CADEA AGROALIMENTARIA 17:00 h ventres Semana anterior ao Pleno	Xosé Regueira Varela Presidente: Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Calvelo Martínez, José Carlos García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia Marí Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Neira Fernández, Eudoxia Marí Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE INDUSTRIA, EMPREGO, POLÍTICA DEMOGRÁFICA E MEDIO AMBIENTE 17:30 h ventres Semana anterior ao Pleno	Rosa Ana García López Presidente: Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Armando De La Fuente, José Ramón Méndez Vilela, María del Mar Novo Gómez, María Jesús Rey Martínez, Roberto Rodríguez Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia Marí Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Neira Fernández, Eudoxia Marí Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane

ⁱ RP 20233137 e 20233136 , nomeamento presidentes e secretarios Comisiōns Informativas.



4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Agrupación Cultural Correlingua para financiar Na casa, na escola, bota a lingua fóral! na provincia da Coruña, no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establecése como obxectivo estratéxico

- E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.

- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 2020-2022 - prórroga 2023 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve a Agrupación Cultural Correlingua, e tendo en conta o gran apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que correca causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa, motivo que propiciou a inclusión desta subvención no PES 2020-2022 – prórroga 2023 na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2023.

2. Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente coa motivación incorporada no apartado 1. do acordo, e instar a que este siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

3. Aprobar o convenio con Agrupación Cultural Correlingua, G70325683, correspondente á subvención nominativa por importe de 20.000,00 euros co obxecto de financiar o proxecto Na casa, na escola, bota a lingua fóral! no ano 2023. A porcentaxe de financiamento proposta é do 60,20 % de acordo co texto do convenio que se achega.

4. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2024, autorice o



correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, CIF G70325683, PARA FINANCIAR O “CORRELINGUA 2023 NA PROVINCIA DA CORUÑA, NA CASA, NA ESCOLA, BOTA A LINGUA FÓRA!”

Na Coruña, o de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna._____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN


A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, organiza coa denominación, que adoptaron, de Correlingua desde 2001 diversas actividades a prol do idioma por Galicia, un proxecto de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

As actividades más visíbeis para a sociedade son as FESTAS e CARREIRAS que se celebran nas principais cidades do país, o traballo esténdese ao longo de todo o ano, con actividades que teñen por obxecto traballar sobre a lingua de maneira que o Correlingua interactúa cos centros de ensino no curso 2022-2023 e no 2023-2024 e contribúe así á sensibilización co noso idioma e a darrle o protagonismo na preparación de contidos e argumentos ao alumnado participante.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a



Deputación Provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a producción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:


I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o "Correlingua 2023 na provincia da Coruña, Na casa, na escola, bota a lingua fóra!" (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Organización de actividades: **22.993,47** euros



1.1 Actividades nos centros de ensino participantes Correlingua 2023: 440,00 euros
 2 Obradoiros escrita Desata a lingua por Lucía Aldao

1.2 Contratación de profesionais Correlingua 2023: 20.585,47 euros
 Presentación Isabel Risco na Festa da Coruña: 363,00 euros
 Cuarta Xusta (Cantalingua) na Festa da Coruña: 1.100,00 euros
 Sonorización e palco Festa da Coruña: 3.025,00 euros
 Cuarta Xusta (Cantalingua) Festa Santiago de Compostela: 1.100,00 euros
 Sonorización Festa de Santiago de Compostela : 1.633,50 euros
 Presentación Fran Rei Festa de Santiago de Compostela : 363,00 euros
 Presentacións e dinamización Isabel Risco na Festa de Ferrol: 544,50 euros
 As Monchas (Cantalingua) na Festa de Ferrol: 1.600,00 euros
 Comunicación e redes sociais Merlolab: 2.057,00 euros
 Coordinación Correlingua: catro nóminas Helena Torres Blanco: 8.799,47 euros

1.3 Desprazamentos alumnado: **1.968,00**euros
 Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa de Ferrol: 968,00 euros
 Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa da Coruña: 1.000,00 euros

2. Deseño - Edición de material e publicitación: **10.226,91** euros

2.1 Deseño imaxe Correlingua 2023 Xulia Pisón: 550,00 euros

2.2 Vídeo resumo Correlingua 2023: 492,00 euros

2.3 Agasallos para o alumnado: 9.063,91 euros
 6.500 mochilas agasallo alumnado Correlingua da Coruña: 8.968,80 euros
 Envío agasallos ás diferentes comarcas da provincia onde se celebra o Correlingua: 95,11euros

2.4 Cartéis: 121,00 euros

TOTAL DE GASTOS:**33.220,38** euros

INGRESOS PREVISTOS


Deputación de Coruña: 20.000,00 euros
 Concello de Santiago de Compostela: 2.500,00 euros
 Concello de Ferrol: 2.500,00 euros
 Concello de Carballo: 220,00 euros
 Concello de Coruña: 8.000,00 euros
 A.C. Correlingua: 0,38 euros

TOTAL DE INGRESOS PREVISTOS: 33.220,38 euros

Asociación Cultural Correlingua acredita que dispón de financiamento suficiente para asumir a parte do orzamento da actividade que non estea financiada pola Deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 60,20 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%



da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está finanziado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditarndo a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra alguma das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.


2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprove algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2023** como máximo.


2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorren máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se



devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarán esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de



colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.


XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2024, autorice o correspondente orzamento.



2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.
- 3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.
- 4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2024 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a A Mesa pola Normalización Lingüística para financiar a A liña do galego no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establecése como obxectivo estratéxico

- E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.


Polo tanto, non prevendo o PES 2020-2022 - prorroga 2023 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve A MESA, e tendo en conta o gran apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa, motivo que propiciou a inclusión desta subvención no PES 2020-2022 – prorroga 2023 na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2023.

2. Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente coa motivación incorporada no apartado 1. do acordo, e instar a que este siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

3. Aprobar o convenio con A Mesa pola Normalización Lingüística, G15154610, correspondente á subvención nominativa por importe de 34.000,00 euros co obxecto de financiar o proxecto A liña do galego no ano 2023. A porcentaxe de financiamento proposta é do 80,00 % de acordo co texto do convenio que se achega.

4. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2024, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA), CIF G15154610, PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2023



Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna._____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación de A Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.


A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación, dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para Apple e Android para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación para dár-lles solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas



dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a producción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:


I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar “A liña do galego 2023” servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Orzamento de gastos



App A Liña do Galego Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple 1.000,00 euros

Persoal Nóminas correspondentes para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego 34.000,00 euros

Deseño e impresións Deseño e impresións do informe da Liña do Galego e deseños publicitarios da App 1.500,00 euros

Comunicación dos actos relacionados coa Liña do galego 6.000,00 euros

TOTAL 42.500,00 euros

Orzamento de ingresos

A Mesa pola Normalización Lingüística Achega con fondos propios procedentes das cotas de socias e socios. 8.500,00 euros

Deputación da Coruña 34.000,00 euros

TOTAL 42.500,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **34.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumplimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A MESA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade tramite e aprove algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.


V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a



acheaga de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2023** como máximo.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinara esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte



posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNIS


1. O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sanciónis previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNIS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de A MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de



tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a A MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.


XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2024, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.
- 3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.
- 4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2024 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2023: Ciclo "Martes das artes", e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO


O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **20.000,00 €, á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a *Programación cultural do ano 2023: Ciclo "Martes das artes"*, cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de outubro de 2023.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2024 autorice o



correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural do ano 2023: Ciclo “Martes das artes”*.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a en representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

EXPOÑEN

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, fundada por Real decreto do 31 de outubro de 1849, é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.


Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que “*en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias*” regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto “*se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venilles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.*”

2.- Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museología, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputaciones provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir ao patrocinio das actividades presentadas pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, co NIF: Q1568002H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural do ano 2023: Ciclo "Martes das Artes"**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Servizos de profesionais independentes		
Honorarios conferenciantes		5.000,00
Honorarios músicos: concertos		2.000,00
Gravación de conferencias e concertos, técnico de son e edición de video		5.000,00
Coordinación das actividades organizadas dentro do "Martes das artes"		5.808,00
Comisariado dos distintos ciclos dentro do Programa "Martes das artes"		3.692,00
Publicidade, propaganda e relacóns públicas		2.600,00
Material gráficos e difusión das actividades		
Subministracións		900,00
Gastos xerais		
Total orzamento		25.000,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.


1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asumindo, xa que logo, as consecuentes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicaamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.


2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa



Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.


X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.,

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da ópera "Aida" e do Curso de interpretación vocal dentro da Programación Lírica de A Coruña 2023 e aprobación do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO


O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña, por importe de **90.000 €**, para cofinanciar a realización da ópera "Aida" e do Curso de interpretación vocal dentro da Programación Lírica de A Coruña 2023, cun orzamento subvencionado de **340.734,00 €**, de acordo co texto que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de outubro de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.



“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización da ópera “Aida” e do Curso de interpretación vocal dentro da Programación Lírica de A Coruña 2023

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaránse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquellas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.


2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lírica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- As súas propostas atraen non só ao público galego senón ao resto de España e mesmo a nivel internacional, facendo da cidade da Coruña, e por extensión de toda Galicia, un escaparate musical de recoñecida tradición, vitalidade e actualidade musical, apoiado pola afluencia dun gran público fiel que asiste ás actividades que se realizan cada ano, esgotando as localidades, e constituíndo, por tanto, un reclamo turístico de primeira orde que se necesita apoiar.

As perdas no sector cultural, só en España, pola crise coñecida como Coronavirus e retornar canto antes á actividade é unha necesidade perentoria, tamén en Galicia. A través da organización da Programación Lírica da Coruña, Amigos da Ópera brinda desde 1953 o espazo para canalizar esas actividades nun ámbito tan importante como o do xénero lírico, o principal das artes escénicas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2023.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes



CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da asociación Amigos da Ópera da Coruña co NIF G15037930, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **realización da ópera "Aida" e do Curso de interpretación vocal dentro da Programación Lírica de A Coruña 2023**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacóns externas

Caché, personal técnico e dirección artística	178.294,00
Producción e aluguer	121.106,00

Publicidade

Publicidade, marketing, audiovisuais, imprenta e comunicación 19.434,00

Desprazamentos

Gastos de viaxes e aloxamento	21.900,00
-------------------------------	-----------

Total 340.734,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **90.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **26,41 %**.


A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,41 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro da Programación lírica da Coruña 2023, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.


VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.



Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

- * Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademáis, presentarase a seguinte documentación:

- * Memoria final de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.


1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.



VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.


X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser esolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto



nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.


XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a "Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2023" e aprobación do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **122.936,00 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2023* cun orzamento subvencionado de 153.670,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola



Intervención da Deputación no seu informe do 5 de outubro de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2023.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecientes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes



CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2023.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entre outras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudiantes; estarán recolleitos, alomenos:

1.1.- Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio que inclúe as seguintes accións: encontros na Zona USC, charlas temáticas, visitas a centros de Ensino medio, acto de recoñecemento aos mellores expedientes de Bacharelato, a USC Camiña: Xornadas de achegamento á Universidade e Programa de Titores.

1.2.- ESTALMAT Galicia, que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro

- Estrea do espectáculo 2023 da Aula de Teatro
- XXVII Festival de Teatro Universitario

2.2.- Música

- Encontros orquestrais de primavera, verán e nadal da Orquestra da USC
- Ciclo de músicas emergentes
- Coro Universitario

2.3.- Danza

- XXI Encontro Universitario de Danza
- II Tradifest
- VIII Mostra de danza latina

2.4.- Exposicións

- Valle Inclán íntimo
- Rodrigo Gomes. Whispering Mirrors
- Minerais. Ver o Invisible
- Un rastro de furia e algas
- Ciclo de exposicións divulgativas:
 - Fractais Matemática e Natureza



- Co-existencias
- A Escola Nova... tamén entre nós

2.5.- Plan de posta en valor e musealización do patrimonio histórico-artístico da USC.

- Restauración e catalogación do patrimonio histórico-artístico
- Completado do Museo Virtual da USC

2.6.- Programa para incentivar á industria cultural Galega USCénica

Programación especial de empresas galegas vinculadas ás artes escénicas e musicais seguindo os parámetros de traballo desenvolvidos pola Aula de Teatro da USC relativos a calidade e especificidade estilísticas, poñendo atención especial en colectivos non marcadamente comerciais.

2.7 Proxectos artístico-pedagóxicos Faíscas Culturais

O Programa Faíscas Culturais é unha iniciativa que ten como obxectivo prender a reflexión cultural nas aulas da USC e complementar a formación do estudiantado a través de intervencións e actividades de carácter cultural. Cada faísca é un proxecto artístico-pedagóxico que se realiza en coordinación co profesorado universitario de diversas titulacións arredor dun tema relevante para a formación do alumnado, situándose na intersección que existe entre o coñecemento académico e a expresión artística.

2.8 Xornadas de benvida curso 2023-2024

Actividades culturais para incentivar a participación do novo alumnado nas unidades de producción artística da USC (aulas abertas, danza, teatro, coro e orquestra) realizadas no marco das Xornadas de Benvida da USC para iniciar o curso 2023-2024 nos centros docentes do Campus de Santiago de Compostela.

3.- Apoio a congresos e seminarios.

Financiamento parcial de eventos científicos encamiñados ao intercambio de coñecemento que se van celebrar durante o ano 2023 na Universidade de Santiago de Compostela. .


4.- Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia (IV Ciclo).

Programa universitario para as persoas de máis de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

5.- Investigación histórica sobre as vivendas sociais para mariñeiros

Investigación histórica sobre as vivendas sociais para mariñeiros (poboados e "casas de pescadores") construídas durante as décadas de 1940, 1950 e 1960 en diferentes vilas e localidades da provincia da Coruña por iniciativa do Instituto Social de la Marina (ISM) e da Obra Sindical del Hogar y Arquitectura (OSH).

A primeira fase da investigación consistirá na selección de 3 ou 4 grupos de localidades/vilas que actuarán como casos de estudio de poboados e/ou vivendas para pescadores: 1. A Coruña 2. Ribeira/A Pobra do Caramiñal 3. Ares/Redes e 4. Cariño/Espasante.



6.- Apoio ao congreso do grupo de investigación Histagra

Congreso que terá lugar en Santiago de Compostela o días 5 e 6 de outubro, con tres bloques temáticos:

- * Pluralidade nacional hispana e proposta política galeusca de onte a hoxe
- * Memoria e historia do pasado incómodo.
- * A dimensión internacional de Galeusca.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Compras de bens destinados á actividade	15.740,00
Comunicacións	900,00
Servizos de profesionais independentes	32.200,00
Desprazamentos	15.513,92
Compras de outros aprovisionamentos	2.600,00
Primas de seguros	1.500,00
Publicidade, propaganda e relacións públicas	36.752,88
Reparacións e conservación	3.000,00
Seguridade social a cargo da entidade	1.222,56
Soldos e salarios	40.040,64
Transportes	4.200,00
Total orzamento	153.670,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **122.936,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %** do orzamento total.


A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma



finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seral le abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:


* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de



non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de fazer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.



3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.


1.- O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgúnha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.,

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderolle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

- 1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do proxecto “A Economía Galega .Informe 2022” ten como obxectivo a elaboración dun informe anual sobre a economía galega, no que se realiza un amplo e minucioso estudo sobre a dinámica recente e os problemas socioeconómicos da nosa comunidade.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), con CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “A Economía Galega .Informe 2022”


II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Pago a autores	26.000,00 €
Revisión lingüística	1.800,00 €
Maquetación informe	4.000,00 €
Web informe	4.500,00 €
Xornada de discusión e difusión de resultados	2.803,45 €
Coordinación e Dirección	4.000,00 €
Custe indirecto (16%)	6.896,55 €
TOTAL IVE INCLUIDO	50.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APOTREN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **70%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente



- para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
 3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/92051/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
 4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
 5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC),.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á do UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se



indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha diligencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.


O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da



subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

- 1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.


1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna



das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á do UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de xuño de 2024**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihadas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a legislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC),, respectivamente.

3. Correspondelos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade
da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA (USC)"

61.- Aprobación da prórroga e vixencia do convenio administrativo de colaboración co Concello de Ames para cofinanciar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demás antecedentes sobre a proposta de aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", dentro do Plan de Emprego Local, propone á Comisión de Transición Ecolólica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º. Aprobar a prórroga do convenio 127/2022, de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ames con CIF P1500200I para o financiamento do proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", cun orzamento total de 200.000,00€, e cunha achega por parte da Deputación Provincial da Coruña de 160.000,00€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%, sendo a nova data de vixencia e xustificación do convenio o 31 de outubro de 2024, e o novo prazo de execución das actividades ata o 1 de xuño de 2024.

2º. Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte




xeito:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de novembro de 2022 e o 1 de xuño de 2024**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2024**.
2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **31 de outubro de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguído, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



3º. Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

62.- Aprobación da prórroga do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña para o exercicio de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes y demais antecedentes sobre a prórroga do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022 para o exercicio de 2024, propone ao Pleno Provincial que, previo ditame favorable da Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, adopte o seguinte acordo:


1º. Prorrogar para o exercicio 2024 o vixente Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022, aprobado na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2020, coas súas modificacións posteriores, incluíndo as que se refiren á actividade de fomento provincial que se realiza en réxime de publicidade e concorrencia, e excluíndo expresamente as relativas ás subvencións nominativas.

2º. Considerar incluídas na prórroga do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022 as súas modificacións posteriores seguintes:

1. Por acordo plenario do 31/07/2020: Aprobación dunha modificación do Plan de Emprego Local (2020/2023) consistente na inclusión no programa PEL Concellos dunha nova liña de actuación: "Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña".
2. Por acordo de Xunta de Goberno do 04/12/2020: Adaptación das bases reguladoras de subvencións provinciais de concorrencia ante a crise sanitaria.
3. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 05/02/2021: Aprobación da inclusión no Plan Estratégico de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña dunha nova acción de fomento denominada "Premio de Boas Prácticas en Servizos Sociais".
4. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 22/10//2021: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir novas convocatorias a tramitar en 2021 polo servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.
5. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 05/11/2021: Aprobación de modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir unha nova convocatoria de axudas, a tramitar en 2021 polo servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.
6. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 29/12/2021: Aprobación de modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir unha nova convocatoria a tramitar en 2021 para o Certame "Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia



- 2021-2022".
7. Por acordo de Xunta de Goberno do 04/03/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluír unha nova convocatoria a tramitar en 2022 "Residencias Artísticas Mariñán Música".
 8. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 18/03/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir propostas da área de turismo do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.
 9. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 18/03/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir propostas do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego relativas ás liñas de subvención DP0032, DP0033, FO028A e FO028A-BIS.
 10. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 18/03/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir novas propostas de actuación do Plan de Emprego Local 2020/2023.
 11. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 04/04/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir unha nova convocatoria a tramitar en 2022: Residencias Mariñán de literatura e pensamento.
 12. Por acuerdo plenario do 27/05/2022: Aprobación da actualización do Plan de Emprego Local (2020/2023) na que se inclúen modificacíons en PEL Concellos, PEL Emprende e PEL Pemes.
 13. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 21/10/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir a aprobación dun novo premio provincial: o I Premio "Xoán Vicente Viqueira" de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación.
 14. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 21/10/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir propostas do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.
 15. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 18/11/2022: Aprobación da inclusión no Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022 do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal SAF libre concorrenza (FOIC/2022).
 16. Por acuerdo plenario do 22/12/2022: Aprobación da prórroga do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para o exercicio 2023.
- 3º. Considerar excluídas da prórroga do Plan estratégico de subvencións da deputación da Coruña 2020/2022 as súas modificacíons posteriores seguintes:
1. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 04/12/2020: Adaptación das bases reguladoras de subvencións provinciais nominativas ante a crise sanitaria.
 2. Por acuerdo plenario do 22/12/2022: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 para incluir propostas dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes, Promoción Económica, Turismo e Emprego, e de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica.
 3. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 19/05/2023: Aprobación da inclusión no Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2023, de subvencións de concesión directa correspondentes á área de Acción Social, Cultural e Deportes.



4. Por acordo de Xunta de Goberno do 19/05/2023: Aprobación de inclusión no Plan Estratégico de Subvencións 2023 de subvencións nominativas das seguintes entidades: CEIDA, Asociación Redes de SAL, USC, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Asociación de Concellos Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, Fundación Paideia Galiza e Concello de Miño.
5. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 19/05/2023: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións para incorporar as subvencións nominativas de 2023 da sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico.
6. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 19/05/2023: Aprobación da modificación do Plan Estratégico de Subvencións para incorporar as subvencións nominativas de 2023 da Sección de Promoción Económica.
7. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 18/08/2023: Aprobación de inclusión no Plan Estratégico de Subvencións 2023 de subvención nominativa da seguinte entidade: Hogar Español de Montevideo (Uruguai).
8. Por acuerdo de Xunta de Goberno do 06/10/2023: Aprobación de inclusión no Plan Estratégico de Subvencións 2023 de subvencións nominativas de 2023 tramitadas polos servizos de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica, de Acción Social, Cultural e Deportes, e de Normalización Lingüística.

4º. Dispoñer a publicación dos acordos 1º e 2º no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica da Deputación.

5º. Dispoñer a publicación do texto consolidado do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022, prorrogado para a anualidade de 2024, no Portal de Transparencia da Deputación da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións."

63.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2023".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por mayoría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "**Voz Natura 2023**", proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da



subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, NIF G15620651, para regular unha achega de **72.000,00 €** para cofinanciar o Proxecto "**Voz Natura 2023**", cun orzamento subvencionado de 144.900,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,68944 %
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220230000870, da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de xuño de 2024.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número/2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “VOZ NATURA 2023”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña
Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña,
como fedataria actuante

REUNIDOS

- D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre


Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

M A N I F E S T A N

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e re- fundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudio, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos



medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre” (G15620651), para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2023”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2023, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2022-2023 e parte das que se realicen no curso escolar 2023-2024.


II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 144.900,00 €, e ten o seguinte desagregación:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.500,00 €
Mensaxería e promoción e gastos administrativos	9.307,00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	7.364,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa dos proxectos	20.045,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.886,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	40.889,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	4.909,00 €
TOTAL	144.900,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,68944 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,68944 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria accredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.



2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprube algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.


V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.




- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha diligencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.
- Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.



5. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña de maneira telemática os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ista.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.


2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen preuxízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de



a xuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCÍONS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.


3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados desde o día 1 de xaneiro do 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2024.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2024, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso



poderá exceder do 31 de outubro do 2024. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data

... de de 2023..

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE
DA FUNDACIÓN
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE

D.

D."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN

Sr. Presidente

En mociones, hai unha primeira moción que presenta o Grupo Popular Provincial para a defensa e protección do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.



1.Moción que presenta o Grupo Popular Provincial de A Coruña, para a defensa e protección do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivésemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a española e a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Unha actividade estratégica e vital que constitúe o epicentro de todas e cada unha das políticas públicas postas en marcha desde o Goberno galego.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España.

As últimas 'Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019' certifican que desde 2011 o valor da producción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galicia roldouse os 9.000 M€ en ingresos, acadando a cifra máis alta na historia. Ademais, certífcase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria.

A pesca, entendida como actividade económica xerada pola extracción, a acuicultura mariña, a piscicultura, o marisqueo e todo o procesado dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, é considerada polo Goberno de Galicia como un sector estratégico, tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social.

Así, a publicación por parte do Goberno do Estado dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supuxo un xarro de auga fría para o sector pesqueiro, pois se trata dunha planificación que no seu deseño non contou cun diálogo coas CCAA e os sectores implicados.

Lembrar que a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (en adiante, LOXILGA) recoñece entre os fins perseguidos, o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, mediante accións de ordenación do litoral que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais

A lei recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratégico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral, e así o dispoñerán os plans de ordenación do litoral que se aproben, os cales establecerán un réxime de zonificación e de uso que garanta o acceso e a permanencia das embarcacións galegas aos caladoiros cuxa regulación sexa de competencia autonómica.

Asemade, velarase polas sustentabilidade deste sector marítimo-pesqueiro a través do informe de impacto económico e social, como unha das principais ferramentas desta Lei.

Deste xeito, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia por calquera suxeito público ou privado, susceptibles de interferir no exercicio das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia, ben directamente ou ben por efecto da



interacción terra-mar, deberán contar con dito informe de carácter previo e, se for o caso, adoptar ou exixir a adopción de medidas preventivas ou reparadoras, de conformidade cos criterios de sustentabilidade do litoral que se determinen.

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en función anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional, contra a LOXILGA.

A suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas, poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e centos de empresas que operan na costa, e prexudicando directamente a millón e medio de galegos e galegas que viven na nosa costa.

É importante lembar que a LOXILGAsé puxo en marcha para poñer fin a situación incomprensibles que trataban de borrar toda presencia humana do litoral e que se aprobou para aportar seguridade xurídica ás empresas.

Desde Galicia non se entende a decisión do Goberno Central en funcións de recurrir a lei e de atacar as competencias de Galicia. Non se trata dunha Lei política, senón dunha Lei que persegue a xestión sustentable, no ambiental e no socioeconómico, da costa de Galicia promulgada desde onde mellor se coñece, Galicia.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

A Deputación de A Coruña amosa:


1. O seu apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, e ás accións de ordenación do litoral que favorecen o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantindo o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.
2. O seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a LOXILGA instando ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, xa que pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratégico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral.

Sr. Rodríguez Martínez

Si, bo día todos.

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivésemos que dicir un trazo diferencial da nosa economía sobre a española ou europea, esta sería a importancia do sector da pesca, do marisqueo e de acuicultura, ao que habería que engadir unha importante cadea mar-industria.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro teñan un peso tan relevante no seu PIB, a pesca entendida como actividade económica xerada pola extracción, acuicultura mariña, a piscicultura, o marisqueo, todo o proceso dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas é un sector estratégico, tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social. Polo tanto, parece lóxico que a lexislación aplicable a esta realidade sexa axustada a ela. E con esa intención a recente Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, aprobada sen un só voto en contra no Parlamento de Galicia, entre outros fins persegue o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola de Galicia mediante accións de ordenación do litoral que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do



mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

É importante destacar que esta lei –insisto– aprobada sen un só voto en contra contou cun asesoramento previo de alta cualificación e tamén foi altamente participada antes de chegar ao seu Parlamento. Neste sentido, houbo roldas previas de contactos cos concellos costeiros, co Observatorio do Litoral, con particulares afectados, coa cadea mar-industria, con catedráticos, profesores e expertos das tres universidades galegas, ou coa Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural de Galicia. Igualmente, isto foi algo que se mantivo ao longo da súa tramitación parlamentaria.


Esta lei aspira, polo tanto, a ordenar as actividades humanas que se desenvolven sobre o medio mariño co fin de acadar, entre outros obxectivos, priorizar e garantir, dentro da ordenación dos espazos mariños, a pesca, o marisqueo, a miticultura e a recolección de algas, mediante a adopción de todas as medidas necesarias para o crecemento da súa potencialidade como actividade económica e sociocultural fundamental, apoando o seu desenvolvemento sustentable pola súa condición de usos prioritarios e estratéxicos para Galicia, así como apoiar o desenvolvemento sustentable do sector enerxético con respecto á biodiversidade da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

Polo tanto, esta lei recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario e por iso, para o desenvolvemento sustentable do litoral, e así o dispoñerán os plans da ordenación que se aproben, os cales establecen un réxime de zonificación de uso que garanta a sustentabilidade a través dun informe de impacto social e económico, que constitúe unha das principais ferramentas desta lei. Deste xeito, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia por calquera suxeito, público ou privado, deberán contar cun informe previo de sustentabilidade que permita avaliar o impacto social e económico das devanditas actuacións e, se for o caso, adoptar ou exixir a adopción das medidas preventivas ou reparadoras necesarias.

Polo tanto, non parece discutible a importancia desta lei, que vén completar o autogoberno que ten Galicia sobre a súa costa, reforzando a seguridade xurídica e compatibilizando a xestión co respecto medioambiental e a vertente social e económica, competencias que lle outorga o seu Estatuto de autonomía, que Galicia xa viña regulando noutros instrumentos, como a ordenación do territorio, como poden ser as directrices de ordenación ou o plan de ordenación do litoral de Galicia.

Agora ben, temos, á vista de todo isto, que lamentar que o pasado 10 de outubro o Goberno do Estado en funcións veu presentar un recurso ante o Tribunal Constitucional contra esta lei, o que supón na práctica a suspensión immediata da súa aplicación, poñendo freo ao seu desenvolvemento co conseguinte prexuízo para as actividades que se desenvolven na nosa costa, tanto para concellos, como para asociacións, como para as empresas vincelladas a estas.

Doen, unha vez máis, especialmente, as formas do Goberno do Estado ante un asunto de vital importancia para Galicia. Presentouse o recurso directamente sen iniciar antes un proceso de diálogo coa convocatoria dunha comisión bilateral na que intentar aclarar e, se é o caso, superar as posibles diferenzas. Baséase nun informe do Consello de Estado que hoxe en día non só non foi anunciada a súa solicitude no seu momento, senón que a día de hoxe se segue sen ter ningunha información sobre o seu alcance. E preséntase o recurso esperando ata o último momento, dado que o prazo expiraba apenas 48 horas despois da súa presentación.



Que Galicia ten plenas competencias para lexislar esta materia recoñéceo o artigo 27 do Estatuto de Galicia e vén avaliado xa polo Consello Consultivo de Galicia e, antes del, polo propio Tribunal Constitucional.

Pero o que máis doe é que esta é unha lei que non vai contra ninguén, senón que responde á defensa dos lexítimos intereses de Galicia, é unha lei a favor de Galicia. Insisto, ao longo da súa tramitación, nin o Observatorio do Litoral nin os expertos consultados das tres universidades galegas viron nela ningún trazo de inconstitucionalidade. A pesar diso, o Goberno central en funcións decidiu recorrer a norma, levando de novo a nosa comunidade a unha situación de inseguridade xurídica de máxima incerteza e de perda de oportunidades para a nosa costa, porque este recurso non só paraliza a lei, implica ademais un prexuízo para todas as actividades que se desenvolven. Concellos, asociacións e empresas ligadas a esta; por exemplo, hoxe en día nos nosos municipios costeiros, e hai exemplos nesta provincia, paralízase a posibilidade de dotar de servizos básicos a poboación que vive nesa franxa do litoral, por exemplo a través da reparación ou substitución de saneamento ou abastecemento.

Tamén son graves os efectos para a cadea mar-industria, xa que dende o ano 2018 non se está a autorizar ningunha nova concesión para calquera novo proxecto, as que se están outorgando son aquelas que son prórrogas debidas que veñen con anterioridade ao ano 1988, nin sequera para a reparación ou reposición de servizos míнимos, que son fundamentais no dominio público terrestre. Quedan tamén paralizadas todas as solicitudes recibidas dende a aprobación da lei, solicitudes de industrias do sector para ampliar instalacións ou para acometer reparacións ou reposicións nas xa existentes.


Polo tanto, non sendo esta a primeira vez que o Estado vai contra Galicia, xa que tamén recorreu ante o Constitucional a Lei de acompañamento, na que se limitaba a 15 anos o prazo para poder actuar ante obras ilegais en zonas de protección costeira, pois chama poderosamente a atención que nun momento no que está tan en cuestión a defensa do Goberno en funcións da orde constitucional, e tivemos un exemplo no pasado Pleno, se teña unha manga tan ancha, segundo quen e para que, pero para Galicia sempre se sexa extremadamente celoso, más alá do razonable, na presunta defensa da Constitución, que, insisto, non parece que se vexa atacada dende o punto de vista competencial.

Polo tanto, isto non é máis ca outro reiterado trato diferenciado con respecto a outras comunidades que Galicia nin merece nin pode consentir, e por iso hoxe solicitamos o apoio unánime a esta moción. Confiamos en que tanto o Partido Socialista o como o Bloque Nacionalista Galego veñan de solucionar as dúbihdas que non parecían ter ao inicio da tramitación desta lei, pero que foron xurdindo en paralelo á propia presentación do recurso. Confiamos en que hoxe teñan claro que esta é unha moción, non en contra de ninguén, senón na defensa dos intereses dun sector tan estratégico como é o da pesca para a nosa comunidade.

Máis nada por agora e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu estou, paréceme moi ben todo o texto que se leu, estou a favor de todo isto. O que non estou é a favor de que se vaia en contra do tema da Constitución, e todos sabemos, a pesar do que se diga neste documento, que a comunidade galega ten que modificar o Estatuto para ter as competencias no tema de costas. Teno moi fácil, no Parlamento, lévase e por tanto non hai ningún problema. Pero, mentres non teña as



competencias, porque o Partido Popular é dos que falan constantemente da inconstitucionalidade dalgúns acordos que se toman no Goberno da nación, non hai máis que recursos, recursos, recursos. Pois aquí está claro que, ou se modifica o Estatuto galego, ou a Xunta non terá competencias e hai que esperar ao que resolvan os tribunais indubidablemente, pero a Xunta non ten competencias neste momento para iso. A pesar de que, xa digo, todo o texto que está aquí, por tanto, anuncio a miña abstención no asunto.

Sra. Veira González


Moitas grazas, señor presidente.

Non conto ningunha novidade se digo que desde o BNG é ben coñecida a defensa do autogoberno para Galiza e como é preciso que nós gobernemos o noso, o noso mar, e que non se decida sobre el desde unha posición homoxeneizadora e centralista do Estado e afastada absolutamente do noso país. Nós cremos que Galiza ten que ter plenas competencias en relación ao litoral, á costa e ao mar, en materia de ordenación e xestión do litoral, pero tamén en moitas outras cuestiós que xa temos posto enriba da mesa, como o salvamento marítimo, a loita contra a contaminación mariña, a inspección pesqueira, titulacións náutico-pesqueiras, seguridade a bordo das embarcacións, Instituto Social da Mariña, centros de investigación mariña, etc. Nós temos claro que o noso mar non se pode gobernar desde un despacho da Castellana a 600 quilómetros de distancia, entre outras cousas porque Galiza ten bastantes peculiaridades en canto ao que son as nosas propias características. Galiza ten 2.555 quilómetros de costa, o mar é parte esencial da vida das galegas e dos galegos, é parte da nosa identidade, da nosa historia, do noso patrimonio e dos nosos costumes, etc. E ademais é, evidentemente, unha gran reserva da biodiversidade que temos que coidar.

E sempre defendemos tamén desde o BNG que Galiza é unha gran potencia pesqueira e sempre defendemos Galiza como unha comunidade altamente dependente do mar. De feito, o propio mar e todas as actividades derivadas do mar ao final supoñen o cuarto sector máis importante da economía galega. E ademais o peso de Galiza sobre o emprego en relación ao mar a nivel de Estado e a nivel da Unión Europea é importantísimo: máis do 50 % do emprego marítimo-pesqueiro do Estado é galego e o 10 % da Unión Europea, e somos a décima exportadora mundial de produtos pesqueiros. Polo tanto, a potencia galega en materia marítima é importantísima e nós, desde o BNG, sempre defendemos esa potencialidade e o necesario posicionamento do Goberno galego a prol desta industria e da nosa economía relacionada co mar e coa pesca.

Pero, saíndo desta cuestión, que ademais é absolutamente obxectiva, o certo é que o Partido Popular trae aquí unha moción que é algo tramposa, non?, e que ademais falan de que non tivo votos en contra a propia Lei de xestión do litoral. Claro, non tivo votos en contra, pero tivo abstencións, entre elles a do Bloque Nacionalista Galego, e por varios motivos. En primeiro lugar, porque foi unha tramitación absolutamente exprés e precipitada, foi exprés e precipitada porque o propio trámite parlamentario foi así.

E dicía o señor Rodríguez que foi unha lei que tivo moita participación, pois o certo é que a Comisión Permanente do Consello Económico e Social non opina o mesmo, porque acordou por unanimidade mostrar o seu malestar pola remisión ao Parlamento galego deste proxecto de lei sen solicitar previamente o ditame do Consello Económico e Social. E por que se queixaban? Ben, porque, efectivamente, a lei se tramitou por un procedemento de urxencia. Entón, que foi participada e que foi unha cousa sosegada e do Partido Popular que de repente se acorda de que hai que reclamar competencias? Non, o certo é que hai unha intención detrás desta lei, non é unha




intención clara e transparente, non, hai unha intención escura e clara de protexer os intereses dalgúns empresas, nomeadamente de Ence. E é o resultado dunha reacción do Goberno galego a unha Lei do cambio climático aprobada polo Goberno do Estado. E que nos atopamos neste momento, en que momento nos atopamos? Ben, pois que ao final Galiza está no medio dun *pimpampum* do Partido Socialista desde o Goberno do Estado e desde o Partido Popular desde o Goberno da Xunta de Galiza, reaccións e accións en función do que vai aprobando un Goberno e outro. Nós aí cremos que o Goberno do Estado non optou pola vía máis intelixente, nós cremos que se tiña que ter iniciado un diálogo a respecto destas competencias, e o Partido Popular está claro que o que buscaba era un conflito co Goberno central, e nese sentido cremos que o Goberno central ao final mordeu o anzol do Partido Popular.

E quero facer énfase nunha cuestión a que nos referimos antes, que é a cuestión das competencias e de que agora se acorda o Partido Popular de reclamar competencias, cando levan gobernando desde 2009 a Xunta de Galiza e non se acordaron de reclamar nin unha soa competencia para Galiza. Miren, é que non son críbeis nesta materia, é que vostedes agora veñen aquí á Deputación da Coruña a falar de autogoberno para Galiza cando vostedes en realidade non cren niso, e a mostra está en que nunca, en que non conseguiron desde 2009 ningunha competencia. E a mostra está en que non tiveron ningún interese en ningunha competencia, pero especialmente nesta competencia non tiveron ningún interese para o seu traspaso porque no acordo do Consello da Xunta de outubro de 2009, hai xa 14 anos, xa estaba a demanda da transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, pero neste tempo pois non se acordaron diso. E acordouse diso pois efectivamente cando se abriu o debate sobre a permanencia de Ence na ría de Pontevedra, como dicía antes, no marco do debate da Lei de cambio climático.

Entón agora están utilizando vostedes esa expresión tan manida de defensa do sector pesqueiro e marisqueiro e produtivo relacionado co noso mar, pero iso é quen xa non é máis que un titular, non sostén a acción política e a acción gobernativa da Xunta de Galiza isto, é que non se sostén. Porque entón, se estamos tan a favor da actividade pesqueira, marisqueira, da defensa e da actividade acuícola, da cadea mar-industria e demás, por que vostedes están tan a favor de que se incen as nosas rías e o noso mar de eólica mariña, porque é absolutamente incompatíbel a eólica mariña con toda esta actividade que din vostedes defender.

Pero non só iso, é que temos un exemplo ben recente destes últimos meses; é dicir, por que o Partido Popular no Parlamento galego votou en contra en tres ocasións de que haxa un protocolo para a descarga dos encoros, por exemplo, na ría de Noia e do río Tambre, que vén de cargarse toda unha produción de berberecho da que ademais Galiza, e nomeadamente a ría de Noia, é absolutamente un verxel e é fundamental, é unha actividade fundamental para 1.500 familias, que se di pronto. Que vostedes votaron en contra de que houbese un protocolo en tres ocasións que levou o Bloque Nacionalista Galego ao Parlamento. E a vostedes éncheselles a boca de dicir que defenden a tope o sector mar-industria e as actividades marítimo-pesqueiras, pero o certo é que esa defensa, vamos, non ten nada detrás, non é máis que un titular.

E, fronte a este partidismo do que falaba, este *pimpampum* no que se atopan entre os que está a Galiza e a defensa de Galiza está no medio dese *pimpampum* do Partido Popular e do Partido Socialista, un no Goberno da Xunta de Galiza e outro no Goberno do Estado, fronte a iso, claro, desde o BNG temos presentado no Parlamento galego unha proposición de lei de traspaso dos medios de xestión do dominio público marítimo-terrestre, que é unha proposta que inclúe o traspaso de catro facultades, vale? A primeira, arredor dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral de mares e praias; a



segunda, sobre a xestión do uso e ocupación do dominio público marítimo-terrestre, nomeadamente no que ten a ver co outorgamento de autorizacións, concesións de actividades que requiran a captación da auga do mar e o acceso á lámina de auga, como non imos estar a favor de que iso sexa así?; a terceira, sobre a regulación e xestión do réxime económico-financeiro do dominio público-marítimo terrestre; e a cuarta, autorización e execución de infraestruturas na zona litoral. E o Partido Popular votou en contra de que se tramitase esta proposición de lei, votou en contra. Agora volvemos a levala ao Parlamento galego, a ver que fan agora. Desde logo o que non pode ser é que Galiza estea secuestrada, os intereses de Galiza, nunha materia tan importante a nivel económico estean secuestrados pola falta de diálogo, pero sobre todo é polos intereses partidistas, nomeadamente do Partido Popular que goberna a Xunta de Galiza.

Nada más por agora.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

A verdade é que, escoitando o voceiro do Partido Popular insistindo tanto naquilo de que esta moción non vai contra ningúén, de que esta lei non vai contra ningúén, lembra un pouco aquilo de que *excusatio non petita, accusatio manifesta*, xa poñemos a venda antes da ferida, ninguén estaba dicindo que vaia contra ningúén, pero xa o di vostede, o cal non deixa de ser a constatación de que, efectivamente, si vai contra alguén, porque é un pouco a política da Xunta de Galicia.

O meu grupo comparte, e así o temos dito en numerosas ocasións, que se transfira esa competencia á autonomía, pero o seu grupo xa advertiu de que isto ía pasar. E é verdade que vostede, nunha intervención un pouco tramposa, mestura Goberno con Tribunal Constitucional, elude falar da admisión a trámite, porque é verdade que o Goberno efectivamente pode presentar calquera recurso de inconstitucionalidade, faltaría máis nun Estado democrático como o noso para iso está, pero é que é o Tribunal Constitucional o que admite a trámite ese recurso. Por certo, once conselleiros dese Tribunal Constitucional, entre os cales está unha nomeada representante do Partido Popular, que é a exvicepresidenta do Goberno, a señora Soraya Sáez de Santamaría, que non será sospitosa de ser sanchista, nin de Sumar, nin ningunha cousa destas polo estilo, e no entanto referenda esa admisión a trámite do recurso presentado polo Goberno. E o que di é que o Consello de Estado ditaminou, perdón, non constitucional, estaba falando do Consello do Estado, ditaminou que hai causas para impugnar 27 artigos da Lei do litoral de Galicia, 27, nin más nin menos, o Consello do Estado, como acabo de dicir, 11 conselleiros, unha delas –por nomear algunha, podía nomear máis–, unha coñecida militante do Partido Popular que ademais foi vicepresidenta do Goberno de España con Mariano Rajoy, polo tanto non é sospitosa, como dixen, de ser sanchista.

Pero, claro, que pasa co Partido Popular?, pois o que comentabamos no último Pleno, que vostedes son constitucionalistas uns días pola mañá, e non o son pola tarde, e os martes son constitucionalistas e o xoves xa non o son, porque o son en base a que?, aos intereses electorais do Partido Popular. Entón, agora o cumprimento da Constitución, que di o que di, e hai unha sentenza da Constitución, do Tribunal Constitucional, que data de 1991 e que di “que o Estado non só está facultado para establecer o réxime xurídico de todos os bens, senón obrigado a protexer o dominio público marítimo-terrestre. As comunidades autónomas poden asumir competencias ao respecto da xestión dos títulos, pero non mediante modificacións normativas á marxe do seu Estatuto de autonomía, pois tal posibilidade de asunción de competencias queda fóra do seu ámbito de decisión”. Isto dí o Tribunal Constitucional, ese que vostedes uns días defenden e outros días, como



escoitamos onte o señor Bendodo, pois cuestiona, dependendo, como dixen, do que lle interesa ao Partido Popular en cada momento. O mesmo que defender, como ben dicía agora a voceira do BNG, a costa galega ou a pesca galega, todo se defende ou non se defende dependendo do que lle poida interesar a vostedes en cada momento.


Xa lle advertimos, como dicía ao inicio da miña intervención, que isto ía pasar. E á parte tiñan vostedes unha solución moi dodata, que comentaba vostede que este recurso presentado polo Estado, dicía antes, xerou graves prexuízos a concellos e empresas. Si, xerounos por culpa de vostedes, porque o tiñan moi fácil, igual que fixo Baleares, Canarias ou outras comunidades autónomas, con modificar o Estatuto de autonomía, algo para o que ían contar co apoio de todos os grupos, xa terían o tema resolto, modificábase o Estatuto, inclúianse esas competencias dentro del e, polo tanto, a Xunta de Galicia podería obter a súa transferencia, tal e como fixeron, como digo, estas outras comunidades autónomas, está todo inventado, eh! Polo tanto, di vostede, non, é que, claro, o que vale para uns non vale para outros. Efectivamente, pero aplíquello vostede á Xunta de Galicia. Se hai outras comunidades autónomas que modificaron o seu Estatuto de autonomía para poder arrogarse para si estas competencias, terá que facer o mesmo Galicia.

E despois, xa no colmo da desfachatez, di vostede que o Goberno do Estado convoca ese recurso, ou presenta ese recurso, mellor dito, sen ter convocado unha mesa para falar. Ah, non, pero claro é que aprobar unha lei sen falar antes co Estado, a pesar de que se estaba advertindo que incumpría a Constitución, iso non é ir polos feitos ao bruto, é como se eu no meu Concello mañá chego e digo: a partir de agora vou asumir eu a xestión do centro de saúde e vou contratar eu os médicos e a Xunta diráme: "Oia, iso non é competencias súa, que é autonómica". E que vai facer a Xunta? Vaime convocar unha mesa de diálogo? Non, a lei está para cumplirla, por todos, polos cidadáns e polas administracións. E a Constitución, esta que a vostedes tanto lles gusta uns días e outros non, estará para darlle cumprimento sempre, non cando lle interesa ao Partido Popular.

Por tanto, que é o que hai aquí de fondo?, pois o que hai aquí de fondo é que a vostedes nos lles interesa en absoluto esta problemática, o que lles interesaba era xerar unha nova confrontación co Goberno do Estado para presentarse como o Estado que ataca a Galicia e nosoutros que somos os únicos que a defendemos, cousa que todos sabemos e todas que non é verdade, porque xa ten dado moitas mostras diso ao longo dos últimos anos.

Pero neste caso, vamos, máis flagrante e más descarado, imposible. É tan sinxelo, nin sequera fai falta mesa de diálogo. Agora recoñezan vostedes o erro, modifiquen o Estatuto, contarán co apoio de todos os grupos que están no arco parlamentario galego, e amañado o problema, en dous meses temos o tema solucionado. Pero non lles interesa, non lles interesa porque se acaba a mecha e o que importa aquí é manter viva esa chama contra o Goberno de España e Pedro Sánchez, que ataca a Galicia e a todo o que teña que ver coa Xunta de Galicia, só cando lles interesa, cando non, pois xa sabemos todos que non é así.

Comentaba antes tamén a voceira do BNG iso que dixo o Consello Económico-Social queixándose de ter tramitado esta lei, ademais sen o seu informe. O problema é que a tramitación de todo isto que estamos a falar agora foi un auténtico desastre, pero non foi un desastre por falta de capacidade, ogallá fora esa a motivación que deu como resultado isto do que estamos agora a falar, senón que foi deliberado. Fíxose así a propósito para confrontar, repito, co Goberno do Estado. Por tanto, veñen vostedes agora cunha moción aquí, que está moi ben; nós, de feito, se aceptan vostedes votar por puntos, votariamos o primeiro a favor, porque estamos totalmente de acordo, pero o




segundo non, entre outras cousas porque, vamos ver, estamos nun país democrático no que hai un ordenamento xurídico, no que, se o Goberno entende que as súas competencias se están conculcando ou como queiramos velo, presenta un recurso ante o organismo que ten que decidir, que é o Tribunal Constitucional; non son nin os concellos, nin as empresas, nin un catedrático dunha universidade galega, nin nada polo estilo, aquí xa temos un organismo que é o que decide o que é constitucional e o que non, e o que é unha competencia autonómica e o que é unha competencia estatal. Por tanto, deixemos que ese Constitucional, tan defendido por vostedes algunas veces, diga o que teña que dicir. É tan sinxelo como iso. Pero, non, tampouco lles vale porque, repito, hai que seguir mantendo vivo aquí o enfermo a ver se podemos sacar algúns réditos máis con esta cuestión, non?

Pero, en todo caso, repito, nós, se están vostedes dispostos a votar por puntos, non teríamos inconveniente en votar a favor do punto número 1. Xa sabemos que a emenda que iamos presentar non ía ser aceptada, tal e como se nos trasladou polo seu voceiro na Xunta de Voceiros, pero en todo caso vouna ler igualmente para que quede constancia dela, e é que: "Galicia atribúese mediante a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, competencias de xestión dos títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, autorizacións e concesións que non están previstas no seu Estatuto de autonomía. Nos últimos 15 anos foron modificados os estatutos de autonomía de Cataluña, Andalucía, Canarias e Baleares, nos que se incluíu expresamente esta competencia de xestión de títulos, de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, realizándose os correspondentes traspasos de funcións e servizos (en 2008 a Cataluña, 2011 a Andalucía e 2022 a Canarias e Baleares). Nin Galicia nin ningunha outra comunidade autónoma pode asumir competencias ou funcións non previstas no seu Estatuto de autonomía, nin nesta materia nin en ningunha outra, como lembrou en numerosas ocasións o Tribunal Constitucional, nunha delas, nunha sentenza do ano 2016 –e aquela outra que lles lin a vostedes do ano 1991–. Só pode facerse modificando o Estatuto ou mediante as oportunas leis estatais previstas no artigo 150 da Constitución, pero nunca mediante unha lei autonómica". Polo tanto, dende o Grupo Socialista propuxemos, e non foi aceptado, emendar o punto 2 da súa moción, substituíndo polo seguinte: "Instar o Goberno da Xunta de Galicia a que inicie de forma inmediata os trámites oportunos para modificar o Estatuto de autonomía de Galicia para incluír neste as competencias relativas á xestión dos títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre".

Con isto estaría o tema solucionado. É moito más rápido isto que esperar a que ditamine ese Tribunal Constitucional. Polo tanto, ese punto de vista, se tanta presa hai e se están xerando tantos prexuízos, entendo que a Xunta de Galicia e o seu presidente terán que deixar de lado o seu ego, asumir que igual non estivo ben tramitado, ou se queren que non asuman, e modificar o Estatuto de autonomía e con iso temos o problema solucionado. Pero en todo caso xa sei que iso non vai pasar así.

E en tanto á afirmación de Avia de que este é o *pimpampum* entre o PSOE e o PP, non ten que ver con iso, é unha cuestión competencial. Eu non compro ese argumento de que desde Madrid e La Castellana se decida sobre a costa galega, porque extrapolando a Galicia, eu que son dun pobo de mar, tampouco quero que decida Santiago que non o ten, por tanto é tan absurdo ese argumento, que é verdade que está na raíz do nacionalismo, que eu non comparto, como ben sabes, a ese respecto, aínda que o poida respectar, vamos falar cun pouco de seriedade, é dicir, en Madrid está a soberanía nacional, está a sede do Goberno de España, e polo tanto alí decidese, non decide un madrileño de La Castellana que pasa por alí e di o que hai que facer na costa. Do mesmo modo que en Santiago está San Caetano e non son os veciños de Santiago os que deciden sobre o que pasa en Pontedeume, en Arteixo, na Laracha ou en calquera outro



concello. Polo tanto, ese argumento do territorio e de que se decide en Madrid ou tal, penso que non é moi acaído tendo en conta que, se o extrapolamos a Galicia, pois a min tampouco me gustaría, se se utilizase ese mesmo argumento que non comparto e non utilizo, que decidan en Santiago, porque non é Santiago quen decide, é a xente que traballa alí nas institucións que gobernan a autonomía, e no caso do Estado o Estado; así que penso que podemos ser pouco más con ese tipo de argumentos.

Ao final aquí o que subxace é a estratexia do Partido Popular de presentarse como o defensor de Galicia fronte ao Estado do Partido Socialista que a ataca; a do BNG de todos son malos menos nós, que somos os que defendemos Galicia; e penso que a responsable, que é a nosa, que é dicir, modifiquemos o Estatuto de autonomía e deamos solución a este problema canto antes, que é do que se trata e seguramente o que estean esperando as empresas e os concellos e os cidadáns que están afectados por esta situación.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Roberto, brevemente, por favor.


Sr. Rodríguez Martínez

Si, como teño por costume, xa anticipo que, salvo que me vexa obrigado, non teño intención de volver a tomar a palabra.

Eu pensaba realmente que hoxe ía agradecer ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego o seu apoio a esta moción. E, ben, parece que o que teño que agradecerles é que se abstiveran na tramitación parlamentaria en Santiago.

Miren, vamos ver, cando a señora Veira fala nos primeiros minutos da súa intervención sobre a defensa e o compromiso do Bloque Nacionalista Galego co sector, pois xa todos podíamos anticipar que era o que ía vir despois. É dicir, críticas que non teñen fundamento, sobre todo porque, como logo vou expoñer, o BNG tivo unha participación activa, máis da que tivo o Partido Socialista de Galicia, na tramitación parlamentaria no Hórreo. Pero, claro, cando se fala da defensa deste sector, cando se fala de que se tramitou con urxencia, claro, pero é que aquí non somos conscientes de cal era a urxencia? Porque diso temos falado tamén nesta casa, ou esquecémonos dos plans de ordenación do espazo marítimo?, ou esquecémonos que aí non se recollía como un elemento clave a protexer o sector da pesca?, ou esquecémonos que xa están tamén recorridos? E que, polo tanto, seguimos nun limbo que equivale a unha paralización total de calquera actividade e desenvolvemento que se queira levar a cabo na nosa costa. Home, quedo tranquilo cando polo menos din que si que queren competencias, porque eu xa empezaba a dubidar se o N do BNG non era de nacionalista, pero, claro, o que non pode ser é querer competencias e negalas na defensa dunha lei, que ademais non se votou en contra, e logo decir que se vai traer outra como por arte de birlibirloque.

En canto ás cuestións sobre a quen protexe esta lei. Home, vamos ver, pois eu, por se queda algunha dúbida, voulle dicir a quen defende: defende 2.690 edificacións xerais, 392 edificacións industriais, 232 empresas, 39 colexios, 44 edificios administrativos, 5 grandes hoteis, 2 grandes centros comerciais, 75 instalacións deportivas cubertas e 109 descubertas, 59 lonxas, 111 mercados municipais, edificios de corpo de policía e de emergencias, subestacións eléctricas, etc. Quedou curta vostede, señora Veira, ao enumerar a quen defendía esta iniciativa.



O cambio climático, que isto vén provocado por un cambio climático e outras elucubracións ou teorías da conspiración que tanto lles gustan. Pero é que aquí non se fala de cal é o plan, cal é o motivo que está detrás deste recurso? É que no ano 2040, iso é o que di a estratexia que está a desenvolver este Goberno, por certo, o actual e polo que parece, se así se chega a consolidar o seguinte, contan co seu apoio. Pero vostedes aquí, home, nós alegrámonos de que se comprometan coa defensa e de que cando hai unha manifestación se poñan os primeiros detrás da pancarta, pero é que o sector se defende tamén aquí hoxe votando a favor, e deféndese tamén en Madrid, non apoando un Goberno que maltrata o sector. Porque, cal é o plan? O plan é que en 2040 non haxa absolutamente ningún tipo de vestixio humano na costa, na nosa costa; iso é descoñecer total e absolutamente quen somos, de onde vimos e, o que é peor, cara a onde imos?


Un *pimpampum*. Mire, eu non sei se isto é un *pimpampum*, pero si me interesa saber vostede de que parte está, señora Veira e o seu partido, do pim, do pam ou do pum? Que van facer vostedes agora coa vindeira investidura do señor Sánchez? Xa sabemos en que quedou aquela foto da señora Pontón coa señora Lastra, que ía cambiar Galicia, que ía cambiar Galicia, quedou absolutamente en nada, en nada. E daquela aínda valía algo o seu voto, hoxe son aínda más irrelevantes. É dicir, que a vostedes resultaba gratis plantarse agora e dicir, por exemplo, que están a favor do sector e poñelo como unha das liñas vermellas de cara a dar ese único voto que teñen en Madrid de cara á investidura deste Goberno. Pero non, iso non o van facer.

Fala vostede tamén dos fantasmas da eólica mariña, pero vostedes lerón a lei?, eu penso que si, porque vostedes, voulle dicir unha cousa, quéixanse da participación. Eu antes falaba do que foi a tramitación previa no Parlamento, pero, mire, pero é que no trámite de información pública fixérонse un total de 84 alegacións, houbo un consenso xeral sobre a necesidade e a oportunidade da elaboración desta normativa. O 60 % do articulado foi modificado ou enriquecido grazas a esas alegacións. Entre elas, por exemplo, o concepto de xestión integrada, e na tramitación do Parlamento, non houbo emendas á totalidade. Logo referireime, porque, ben, agora todo son problemas que vostedes advertiron, señoras e señores do Partido Socialista de Galicia; alí nin unha soa, nin unha soa, ningunha emenda, non só á totalidade, nin unha parcial. Agora ben, si que houbo un alto grao de consenso, que hoxe, non sabemos por que, parece que abandona o Bloque Nacionalista Galego, ao que se lle aceptaron un 40 % das emendas que presentaran, foron aceptadas ou transaccionadas. Entón, de que estamos a falar aquí? Pois hai que falar de coherencia e a coherencia é que, se queremos a competencia e se queremos defender o sector, temos que defender esta lei.

Obviamente, xa decidirá o Tribunal Constitucional. Home, pero se nós somos os menos sospeitosos nese tema. Xa falará, si, si, señor Fernández, xa falará, pero o que non se pode dicir é esta lei defende as nosas competencias, pero imos votar en contra porque imos presentar outra.

En fin, efectivamente, señor Fernández, esta lei non vai contra ninguén, pero eu non o dícia, non poña a venda diante da ferida, é que a ferida xa fixeron vostedes. Pero vostede descoñece que hai altos cargos do seu Goberno en Madrid que dixerón que esta lei era equiparable á lei de desconexión catalá, que resulta que agora o PPdG somos os independentistas. Home, a ver, vamos ser un pouco serios, é que é verdade que non vai contra ninguén, agora outra cousa é dicir que nos encanta o recurso que presentou o Goberno e sobre todo a forma no que o presentou.

Nós, precisamente nós, penso que si distinguimos entre o Goberno e o Tribunal Constitucional pero, ben, ninguén coma vostedes para confundilos, é dicir, niso lévannos



moita vantaxe. A ver, hai cousas que dicilas xa teñen pecado, pero dicilas nun momento tan concreto como este, home, pois hai que ser, eu recoñézolle aí a valentía, non?

Pero, ben, evidentemente, o Tribunal resolverá. Pero a min o que me preocupa é que polo que semella da súa intervención parece que coñece vostede máis dese informe do Consello de Estado que o propio Goberno da Xunta de Galicia, que aínda non recibiu un papel. E, dende logo, dende logo, o que non imos tolerar é que vostede diga que esta foi unha lei que se aprobou a traición; non, a Xunta non actúa dessa maneira, o Goberno do PP da Xunta non actúa dessa maneira. Hai outros que actúan doutro xeito e ímolas visitar a Waterloo, e facemos fotos con quen faga falta, nós non. Esta lei remitiuse con carácter previo á súa aprobación. E sabe e cal é a proba?, que os ministerios implicados do Goberno do Estado mandaron as súas alegacións. Sabe en que consistiron as alegacións que fixo o seu Goberno en Madrid? Un folio e medio. Entón, a min pódeme vostede aquí vir decir o que queira; agora, que iso non se intentou consensuar?, para que se mandou?, mandouse, e houbo alegacións, non de todos os ministerios implicados; más concretamente, do que más tiña que decir, dese non veu. E chegou aquí un folio e medio, sen especificar nin un só artigo, nin un só artigo no que houbera ningún vestixio de inconstitucionalidade.

Polo tanto, vostede di que isto forma parte dun plan de confrontación; en fin, a verdade é que, home, aquí no PPdG temos xente moi válida, pero xa digo eu que se fora un plan non nos tería saído tan ben. Penso que é más mérito de vostedes ca noso.

Remato xa. Mire, non imos aceptar a votación por puntos por unha cuestión moi evidente, é que unha cousa sen a outra non se entende, non se pode estar a favor de defender o sector marisqueiro e o sector pesqueiro e, ao mesmo tempo, non votar a favor dun recurso do que a día de hoxe non existe, non sabemos nin sequera, estamos debatendo aquí sen saber en que se basea o recurso, en que se basea. Si, nun informe do Consello de Estado do que a día de hoxe, vostede quizais si, ao mellor xa o ten, tampouco estaría demais que nolo fixera chegar para á súa vez remitírllelo nosoutros ás consellerías afectadas.

E, por último, a ver, eu penso, señor Fernández, que aquí xa temos debatido nalgúnha ocasión, e vostede gusta moito de tirar daquilo de que aquí cando se presentan mociones contra a Xunta este grupo nunca levanta a man para votar a favor e que vostedes, no entanto... A ver, eu penso que se realmente vostedes perpetran a votación que vostede anunciou, home, vostede é libre de vir aquí e volver a dicilo, pero eu penso que queda deslexitimado totalmente para volver a dicilo, é dicir, aquí tamén se defende os intereses do sector.

Insisto, non teño intención de volver a tomar a palabra, más nada e moitas grazas.

Sr. Presidente

Imos proceder á votación, non sen antes dicirche, Roberto, que vas saír vivo deste debate porque están os bombeiros esperando por nós, que, se non, non saíás vivo, eh.

Para empezar dicirche que non, tachar o PP de independentista non, pero algo de tilín Puigdmont empeza a facervos, empeza a facervos algo de tilín. Pasouse de prófugo a ser un tío interesante.



Sr. Rodríguez Martínez

É outro debate ou...?

Sr. Presidente

Non, vamos votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 10 deputados/as (PSOE)

Abstéñense: 7 deputados/as (6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Apróbase, por mayoría, a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Popular Provincial de A Coruña, para a defensa e protección do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivésemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a española e a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Unha actividade estratégica e vital que constitúe o epicentro de todas e cada unha das políticas públicas postas en marcha desde o Goberno galego.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e más de seis veces superior ao de España.

As últimas 'Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019' certifican que desde 2011 o valor da producción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galicia roldouse os 9.000 M€ en ingresos, acadando a cifra máis alta na historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria.

A pesca, entendida como actividade económica xerada pola extracción, a acuicultura mariña, a piscicultura, o marisqueo e todo o procesado dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, é considerada polo Goberno de Galicia como un sector estratégico, tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social.

Así, a publicación por parte do Goberno do Estado dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supuxo un xarro de auga fría para o sector pesqueiro, pois se trata dunha planificación que no seu deseño non contou cun diálogo coas CCAA e os sectores implicados.

Lembrar que a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de



Galicia (en adiante, LOXILGA) recoñece entre os fins perseguidos, o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, mediante accións de ordenación do litoral que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

A lei recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratégico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral, e así o dispoñerán os plans de ordenación do litoral que se aproben, os cales establecerán un réxime de zonificación e de uso que garanta o acceso e a permanencia das embarcacións galegas aos caladoiros cuxa regulación sexa de competencia autonómica.

Asemade, velarase polas sustentabilidade deste sector marítimo-pesqueiro a través do informe de impacto económico e social, como unha das principais ferramentas desta Lei. Deste xeito, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia por calquera suxeito público ou privado, susceptibles de interferir no exercicio das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia, ben directamente ou ben por efecto da interacción terra-mar, deberán contar con dito informe de carácter previo e, se for o caso, adoptar ou exixir a adopción de medidas preventivas ou reparadoras, de conformidade cos criterios de sustentabilidade do litoral que se determinen.

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en función anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional, contra a LOXILGA. A suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas, poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e centos de empresas que operan na costa, e prexudicando directamente a millón e medio de galegas e galegos que viven na nosa costa.

É importante lembar que a LOXILGAsé puxo en marcha para poñer fin a situación incomprensibles que trataban de borrar toda presencia humana do litoral e que se aprobou para aportar seguridade xurídica ás empresas.

Desde Galicia non se entende a decisión do Goberno Central en funcións de recurrir a lei e de atacar as competencias de Galicia. Non se trata dunha Lei política, senón dunha Lei que persegue a xestión sustentable, no ambiental e no socioeconómico, da costa de Galicia promulgada desde onde mellor se coñece, Galicia.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

A Deputación de A Coruña amosa:

1. O seu apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, e ás accións de ordenación do litoral que favorecen o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantindo o desenvolvemento das súas actividades por medio da explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.
2. O seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a LOXILGA instando ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, xa que pon en perigo o recoñecemento do uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratégico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral."



2.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á lentitude da Xunta de Galicia na tramitación das autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo melloras e investimentos na Rede Víaria Provincial

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rede viaria provincial conta con máis de 400 estradas que dan servizo aos 1.120.000 habitantes dos 93 Concellos da Provincia.

Para o Goberno Provincial é prioritario a conservación e a mellora dos más de 2.050 quilómetros de estradas que conforman a Rede Víaria Provincial.

O esforzo inversor levado a cabo por este goberno provincial no mandato comprendido entre os anos 2019 e 2023 ascendeu a 173.944.445,75 euros, concretamente destináronse 114.124.280,98 euros a gastos de conservación e mantemento destas estradas e 59.820.164,77 euros correspóndense con gastos de investimentos para a mellora da Rede Víaria Provincial.

Para poder levar a cabo as distintas actuacións de obras e investimentos nas estradas provinciais temos que contar cos pertinentes permisos sectoriais das administracións que teñen algúns tipo de afección sobre as vías de titularidade provincial.

Esta deputación, ao igual que lles está a suceder aos 93 concellos da provincia, está a sufrir un importante atraso na xestión e na execución dos distintos Plans de Infraestruturas Víarias, demora motivada pola lentitude da Administración da Xunta de Galicia á hora de tramitar as autorizacións sectoriais que dende esta deputación se están a solicitar para levar a cabo as melloras proxectadas.

A día de hoxe temos sete actuacións aprobadas que están paralizadas debido a que non contamos coas autorizacións solicitadas.


Podemos constatar como o 80% das autorizacións tramitadas ante Augas de Galicia están a tardar unha media de 409 días.

Esta tardanza non é exclusiva de Augas de Galicia e tamén podemos corroborar que outros organismos dependentes da Xunta de Galicia seguen o mesmo “modus operandi”. Temos os exemplos de Patrimonio Cultural, que se novamente temos en conta o percentil do 80%, está a tardar unha media de 226 días, sendo esta media no caso da Axencia Galega de Infraestruturas de 178 días e no caso de Medio Ambiente de 453 días.

Outra casuística que se está a dar e que está a contribuir de forma directa na tardanza na resolución das autorizacións sectorias é a demora que sufrimos en recibir un documento tan sinxelo como son as liquidacións das taxas, que nalgúns casos chegan a demorarse en ata dous meses dende que presentamos a solicitude ata que se recibe o requerimento de pagamento destas.

En resumo, a veciñanza dos 93 Concellos da Provincia da Coruña non pode permitirse seguir a padecer atrasos nas melloras das infraestruturas xa comprometidas por esta deputación debido á tardanza doutras administracións, polo que, en calidade de voceiro do Grupo Provincial Socialista teño a honra de propor ao Pleno da Corporación Provincial da Excma. Deputación Provincial da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar a Xunta de Galicia a que axilice a tramitación dos permisos sectoriais por parte



das consellarías responsables a un máximo de dous meses.

2º- Dar traslado desta moción e dos seus acordos á Presidencia da Xunta de Galicia; á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; aos 93 concellos da Provincia da Coruña; á Mesa do Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia.

3º- Facultar o presidente da Deputación Provincial da Coruña ou a/o deputada/o provincial na/o que delegue a que realice todos os trámites e todas as xestións oportunas para o cumprimento desta moción.

Sr. Fernández Piñeiro


Entre os grupos do Goberno, este caso o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, traemos tamén unha moción a este Pleno relativa á lentitude da Xunta de Galiza na tramitación das autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo melloras e investimentos na rede viaria provincial. É verdade que por parte de todos os grupos, incluso do principal grupo da oposición, e tamén de Alternativa dos Veciños en moitos destes plenos temos falado da lentitude na tramitación de determinados expedientes, e de que se aproba unha estrada e ata que se fai tarda moiísimo, pero é importante, loxicamente, que cada un asuma a responsabilidade que poida ter nesa lentitude e en que esos procesos se dilaten tanto no tempo.

A ninguén se lle escapa aquí hai moitos alcaldes e alcaldezas e concelleiros que en moitos casos están en gobernos municipais, que a remisión de informes sectoriais por parte das distintas administracións pois é excesivamente longa. Neste caso que nos ocupa hoxe, porque son das que máis afectan á rede viaria provincial, estamos a falar dos informes sectoriais que emiten os distintos organismos e consellerías da Xunta de Galicia.

Vou ler a exposición de motivos, que é moi cortiña: "A rede viaria provincial conta con máis de 400 estradas que dan servizo a 1.120.000 habitantes dos 93 concellos da provincia. Para o Goberno provincial é prioritaria a conservación e mellora dos más de 2.050 quilómetros de estradas que conforman a rede viaria provincial. O esforzo investidor levado a cabo por este Goberno provincial no mandato comprendido entre os anos 2019 e 2023 ascendeu a 173.944.000 euros; concretamente, destináronse 114 millóns a gastos de conservación e mantemento destas estradas e 59 millóns correspóndense con gastos de investimentos para a mellora da rede viaria.

Para poder levar a cabo as distintas actuacións de obras e investimento nas estradas provinciais, temos que contar con pertinentes permisos sectoriais das administracións que teñen algúun tipo de afección sobre as vías de titularidade provincial. Esta Deputación, igual que lles está a suceder aos 93 concellos da provincia, está a sufrir un importante atraso na xestión e na execución dos distintos plans de infraestruturas viarias, demora motivada pola lentitude da Administración da Xunta de Galicia á hora de tramitar as autorizacións sectoriais que dende esta Deputación se están a solicitar para levar a cabo as melloras proxectadas.

A día de hoxe temos 7 actuacións aprobadas que están paralizadas debido a que non contamos coas autorizacións pertinentes. Podemos constatar que o 80 % das autorizacións tramitadas ante Augas de Galicia están a tardar unha media de 409 días. Esa tardanza non é exclusiva de Augas de Galicia, tamén podemos corroborar que outros organismos dependentes da Xunta de Galicia seguen o mesmo *modus operandi*. Temos os exemplos de Patrimonio Cultural que, se novamente temos en conta o percentil do



80 %, está a tardar unha media de 226 días, sendo esta media no caso da Axencia Galega de Infraestruturas de 178 e no caso de Medio Ambiente de 453.

Outra casuística que se está a dar e que está a contribuír de forma directa na tardanza da resolución das autorizacións sectoriais é a demora que sufrimos ao recibir un documento tan sinxelo como son as liquidacións de taxas, que nalgúns casos chegan a demorarse ata dous meses dende que presentamos a solicitude ata que se recibe o requerimento de pagamento destas.

En resumo, a veciñanza dos 93 concellos da provincia da Coruña non pode permitirse seguir a padecer atrasos nas melloras das infraestruturas xa comprometidas por esta Deputación debido á tardanza doutras administracións polo que, en calidade de voceiro do Grupo Provincial Socialista, teño a honra de propor ao Pleno da Corporación Provincial da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña a adopción dos seguintes acordos: Primeiro, instar a Xunta de Galicia que axilice a tramitación dos permisos sectoriais por parte das consellerías responsables ao máximo de dous meses; segundo, dar traslado desta moción e dos seus acordos á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, aos 93 concellos da provincia da Coruña, á Mesa do Parlamento de Galicia; e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia; terceiro, facultar o presidente da Deputación Provincial da Coruña e o deputado provincial, deputada neste caso, na que delegue a que realice todos os trámites e todas as xestións oportunas para o cumprimento desta moción”.

O contido na exposición de motivos penso que é coñecido por todos e todas, ningún o poderá negar, poderán xustificalo, imaxino que o intentarán facer na súa rolda de palabra, pero a ninguén lle escapa que esa é unha realidade coa que temos que convivir, que en moitos casos se tarda máis dun ano en obter autorización, xa non para facer unha entrada nova, nin sequera para ampliala, para unha estrada que xa está pavimentada para volver a botar outro pavimento. Entenderemos todos e todas que ese exceso de celo burocrático para algo que resulta absurdo, porque se é unha estrada existente, que xa ten unha rega asfáltica ou xa está aglomerada e, polo tanto, trataríase de repoñer ese firme, non ten moito sentido ter que esperar un ano ou un ano e medio a que chegue unha autorización. O mesmo co pagamento das taxas.

Vou poñer un pequeno exemplo sobre o que está a acontecer nalgúns concellos, neste caso no concello de Ferrol, na pasarela peonil da estrada provincial DP-3604, que une San Xoán de Filgueira con Catabois. Dende a Deputación solicitámoslle á Xunta de Galicia o permiso sectorial correspondente o día 22 de xaneiro de 2023, case dous meses máis tarde, o día 13 do 4, requiriúsenos o pagamento das taxas, dous meses para requirir o pagamento dunha taxa, que foron ingresadas aos 4 días, concretamente o día 17 de abril do ano en curso. Pasaron 5 meses e requíresenos o día 29 de setembro documentación adicional que foi remitida o día 13 de outubro. Polo tanto, vaise cumplir un ano e a obra parada a día de hoxe.

Isto é un exemplo dun concello, neste caso de Ferrol, pero poderíamos poñer outros moitos. Polo tanto, entendo que todos e todas os que estamos aquí, que poñemos de manifesto a situación que se vive en moitas vías provinciais de forma reiterada nos plenos e a necesidade de arranxalas e de ser áxiles na súa tramitación, apoiaremos esta moción, que non vai contra ninguén, señor Rodríguez, senón que é unha moción que vai a favor dos 93 concellos da provincia e de todos os cidadáns, dese 1.120.000 coruñeses e coruñesas que transitan por elas e, polo tanto, merecen que se amañen no menor tempo posible. Loxicamente, os recursos saben vostedes que non son ilimitados e polo tanto non as podemos arranxar todas xuntas, pero polo menos si as que temos



aprobadas que se poidan facer nun espazo de tempo razonable e que, polo tanto, entendo que o Partido Popular, consciente e ademais sensibilizado con esa realidade, non terá inconveniente en votar a favor desta moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane


Si, vamos ver. Este é un tema que xa se tocou aquí ao longo dos anos e que sufrimos os concellos que temos un montón de obras paralizadas, hai obras que están desde o ano 2019, desde o 2020 e do 2021, un montón de concellos que teñen aquí paralizados os cartos tamén na Deputación porque non se pode investir. E, claro, a moción está ben, pero fáltalle algo. Dentro duns días imos reunirnos os concellos galegos en Santiago de Compostela e o que temos que pedir é que se modifiquen as leis, hai que pedir, porque non basta decir que en dous meses me dea a autorización, ten que haber un cambio na lexislación para decir que, se pasan dous meses, hai silencio administrativo positivo, non negativo como está agora. Por tanto, ese é un tema que temos que tratar obrigatoriamente na reunión de alcaldes e alcaldesas que imos ter en Santiago de Compostela. De nada vale todo isto, xa digo, se non se cambian e modifican as leis.

Temos outra situación parecida, que non se está aquí falando dela, que son as empresas de servizos, principalmente Telefónica e Fenosa, onde cando lles dá a gana poñen os postes onde lles peta e logo, cando nós temos que cambialos para que se amplíen as calzadas, temos que pagarllles. Pero hai outro tema aquí moi grave, resulta que ten que ser Fenosa ou Telefónica quen cambie as liñas, iso vai en contra da democracia en España, vai en contra dos dereitos das empresas. Por que as empresas cualificadas e rexistradas como tal non poden cambiar un poste nunha estrada cando se lles contrata unha obra e teñen que esperar a que veña Fenosa?

É dicir, hai uns monopolios asquerosos, indecentes por parte destas empresas outorgados indubidablemente polos gobernos de quenda en cada momento. Iso, ou o cambiamos ou seguiremos así toda a vida. Xa digo, non vale de nada solicitar, hai que cambiar, hai que cambiar as leis para que as cousas funcionen doutra forma, e iso eu creo que o momento oportuno é que na asemblea que vai haber cada un poña o seu grao de area e acordemos que neste caso o Goberno galego ou o Goberno central, quen sexa o competente, modifique indubidablemente a normativa para que non esteamos paralizados, porque estamos totalmente paralizados.

Sra. Veira González

Si, simplemente unha cuestión. O que queremos deixar claro é que, evidentemente, todos os atrasos por parte da Administración galega para obter todos estes permisos o que está a producir, esa falta, digamos, de dilixencia, está a producir un dano e un prexuízo, mellor dito, aos 93 concellos da provincia, á ciudadanía deses 93 concellos, e está a dificultar a actuación que tanto se demanda ademais aquí no Pleno da propia Deputación sobre esas estradas. Está a dificultar tamén que se poidan dalgunha maneira executar todos os fondos e todo ese esforzo investidor que fai a Deputación da Coruña sobre esas estradas. Pero tamén, hai que dicilo, está a dificultar que os propios concellos executen as propias axudas ou as propias subvencións para as que lle pide cartos a esta Deputación, falo do POS, como moitas obras se van atrasando por culpa da falta de dilixencia da Xunta de Galicia e da Administración galega, non? E logo éncheselle a boca ao Partido Popular de decir aquí nesta casa, neste salón de plenos, que hai moitísimos cartos no banco. O problema é que hai moitísimos cartos comprometidos que moitas veces non se poden executar efectivamente pola falta de dilixencia en moitísimas



ocasións da Administración galega á hora de dar os permisos e, efectivamente, de que se poidan realizar esas obras que, como dicimos, ao que beneficián non é unha organización política ou outra, senón os 93 concellos da provincia cos seus cidadáns e as súas cidadás.

Nada más.

Sr. Amado de la Fuente

Bos días a todos. Despois de escoitalos, a verdade é que eu entendo que empezou a campaña electoral. Estamos aquí nun *pimpampum*, como se falou antes, e eu creo que isto é un mal que atende a todas as administracións que están. Falamos se queren de aquí da propia Deputación, onde moitas veces para unha acometida de auga nunha estrada provincial tardanse tamén dous e tres meses en poder dala. Penso que é un problema xeral das administracións, penso que é algo que inflúe moito no que falan do desenvolvemento dos proxectos e penso que é algo que ten que mellorar, como falou antes o señor García Seoane.

En canto á Xunta, hai que dicir que na Lei de estradas hai un prazo de 6 meses para poder facer os temas. O problema é o estado garantista no cal temos as tramitacións. Moitas veces hai incidencias, hai alegacións que tramitan e paralizan esos propios proxectos. Nós cremos que hai que chegar a un gran pacto, hai que chegar ao que dicía o señor García Seoane, a que a 2 meses o silencio sexa positivo e poder garantir que os procedementos vaian adiante.

Nada más, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Apróbase, por mayoría, a seguinte moción:


"Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á lentitude da Xunta de Galicia na tramitación das autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo melloras e investimentos na Rede Víaria Provincial

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rede viaria provincial conta con máis de 400 estradas que dan servizo aos 1.120.000 habitantes dos 93 Concellos da Provincia.

Para o Goberno Provincial é prioritario a conservación e a mellora dos máis de 2.050 quilómetros de estradas que conforman a Rede Víaria Provincial.

O esforzo inversor levado a cabo por este goberno provincial no mandato comprendido entre os anos 2019 e 2023 ascendeu a 173.944.445,75 euros, concretamente destináronse 114.124.280,98 euros a gastos de conservación e mantemento destas estradas e 59.820.164,77 euros correspóndense con gastos de investimentos para a mellora da Rede Víaria Provincial.



Para poder levar a cabo as distintas actuacións de obras e investimentos nas estradas provinciais temos que contar cos pertinentes permisos sectoriais das administracións que teñen algún tipo de afección sobre as vías de titularidade provincial.

Esta deputación, ao igual que lles está a suceder aos 93 concellos da provincia, está a sufrir un importante atraso na xestión e na execución dos distintos Plans de Infraestruturas Vias, demora motivada pola lentitude da Administración da Xunta de Galicia á hora de tramitar as autorizacións sectoriais que dende esta deputación se están a solicitar para levar a cabo as melloras proxectadas.

A día de hoxe temos sete actuacións aprobadas que están paralizadas debido a que non contamos coas autorizacións solicitadas.

Podemos constatar como o 80% das autorizacións tramitadas ante Augas de Galicia están a tardar unha media de 409 días.

Esta tardanza non é exclusiva de Augas de Galicia e tamén podemos corroborar que outros organismos dependentes da Xunta de Galicia seguen o mesmo "modus operandi". Temos os exemplos de Patrimonio Cultural, que se novamente temos en conta o percentil do 80%, está a tardar unha media de 226 días, sendo esta media no caso da Axencia Galega de Infraestruturas de 178 días e no caso de Medio Ambiente de 453 días.


Outra casuística que se está a dar e que está a contribuir de forma directa na tardanza na resolución das autorizacións sectorias é a demora que sufrimos en recibir un documento tan sinxelo como son as liquidacións das taxas, que nalgúns casos chegan a demorarse en ata dous meses dende que presentamos a solicitude ata que se recibe o requerimento de pagamento destas.

En resumo, a veciñanza dos 93 Concellos da Provincia da Coruña non pode permitirse seguir a padecer atrasos nas melloras das infraestruturas xa comprometidas por esta deputación debido á tardanza doutras administracións, polo que, en calidade de voceiro do Grupo Provincial Socialista teño a honra de propor ao Pleno da Corporación Provincial da Excma. Deputación Provincial da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar a Xunta de Galicia a que axilice a tramitación dos permisos sectoriais por parte das consellarías responsables a un máximo de dous meses.

2º- Dar traslado desta moción e dos seus acordos á Presidencia da Xunta de Galicia; á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade; á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; aos 93 concellos da Provincia da Coruña; á Mesa do Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia.

3º- Facultar o presidente da Deputación Provincial da Coruña ou a/o deputada/o provincial na/o que delegue a que realice todos os trámites e todas as xestións oportunas para o cumprimento desta moción."



3.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre a ocupación, o xenocidio e a limpeza étnica que o estado de Israel está a levar a cabo en Palestina

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a reactivación do conflito en Palestina, o Estado de Israel, co apoio das elites políticas de Estados Unidos, a Unión Europea e Reino Unido, está a levar a cabo unha masacre contra a poboación civil palestina.

Utilizando como pretexto a resposta a Hamás (forza político-militar que controla a franxa de Gaza desde a súa vitoria nas eleccións lexislativas de 2006) o goberno sionista e corrupto de Benjamin Netanyahu, apoiado pola ultradereita ortodoxa, está a levar a cabo unha das peores represións contra a poboación civil palestina das últimas décadas.

Neste contexto, o exército israelí leva días bombardeando de xeito indiscriminado edificios de vivendas, escolas, campos de refuxiados de UNRWA e mesmo hospitais na franxa de Gaza.

Esta situación, ligada ao corte total na subministración da auga, a electricidade, o combustible, a comida xunto a ordes ilegais de evacuación de hospitais que poñen en risco a vida de milleiros de persoas enfermas, feridas, embarazadas e nenos, está a provocar unha crise humanitaria terrible, tal e como evidencian as ONGs que traballan no terreo.

Estas continuas violacións do dereito internacional humanitario, con vulneracións das Convencións de Xenebra no que respecta á protección da poboación civil e do persoal sanitario e humanitario, non poden ser toleradas.


Este ano 2023, cúmprense 75 anos da Nakba (catástrofe en árabe), unha limpeza étnica en toda regla na que, tras a creación do Estado de Israel en territorio palestino, se obligou a máis de 750.000 palestinas e palestinos a marchar dos seus fogares. Desde ese momento, Israel, a través da violencia, a ocupación e o apartheid, foi ocupando, colonizando, expulsando e matando á poboación palestina para borrar todo vestixio da súa historia e cultura.

Desde a reactivación deste conflito en outubro, as cifras que deixa a ofensiva do exército de Israel son arrepiantes. Máis de 3.800 persoas civís mortas , das que máis de 1.000 son nenas e nenos, 13.500 feridos e máis dun millón de palestinos desprazados.

Tendo esta situación en conta, e coa premisa da defensa inquebrantable dos Dereitos Humanos, proponse ao Pleno da Deputación os seguintes acordos:

ACORDOS

- 1.- O cesamento do fogo e o fin inmediato dos ataques do exército sionista contra Gaza e Cisxordania.
- 2.- A asistencia inmediata á poboación cercada en Gaza coa apertura das fronteiras e a entrada de axuda humanitaria sen condicións.



- 3.- O recoñecemento do Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o Xordán e o Mediterráneo, polo Estado Español e a Unión Europea establecendo os lazos de cooperación que sexan necesarios para garantir unha vida digna ao pobo palestino
- 4.- Que se leve ao primeiro ministro de Israel, Benjamin Netanyahu, ante a Corte Penal Internacional para ser xulgado por crimes de guerra.
- 5.- A ruptura de relacións diplomáticas do Estado Español e da Unión Europea co Estado de Israel.
- 7.- A inmediata dimisión da presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, por excederse nas súas funcións ao viaxar a Tel Aviv e anunciar o apoio da Unión Europea ao estado de Israel, cando as competencias en política exterior competen aos Estados Membro.
- 8.- O boicot en todos os aspectos e, moi especialmente, nos programas e compras militares españolas a Israel e a aplicación das medidas definidas polo BDS ata o fin da ocupación e o apartheid sionista en Palestina e o retorno dos refuxiados e refuxiadas palestinos á súa terra.
- 9.- Dar traslado desta moción ás embaixadas de Palestina e Israel en España, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e ás asociacións en defensa do pobo palestino.

O Presidente indica que se retira a moción co asentimento do Sr. García Seoane.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Calvelo Martínez

Muy brevemente, que nadie se preocupe que no me voy a alargar mucho.

Sr. Presidente


Se agradece, se agradece.

Sr. Calvelo Martínez

Va a ser en un tono suave. Es un ruego dirigido al presidente. Es simplemente para, hace unos días hemos solicitado una reunión con usted para poder tratar distintos temas.

Por orden cronológico, el 4 de octubre hemos pedido la celebración de la comisión de seguimiento del traspaso del polígono de Sabón, no se nos ha convocado. También lo que se nos ha trasladado es que todavía no hay nombrado ningún diputado y para nosotros es importante en ese sentido que se celebre cuanto antes porque hay varios proyectos pendientes que, sin en este caso celebrar la comisión, no vamos a poder avanzar.

Y después el 18 de octubre, hemos dirigido tanto a lo que es el propio Consorcio de Bomberos como a usted, como a ti, Valentín, el anteproyecto del nuevo parque de



bomberos, con una inversión por nuestra parte de 1.800.000 euros, con la ampliación de la superficie de 800 a 1.200. Tener la garantía de que nosotros no vamos a utilizar el parque, hasta que esté terminado el parque nuevo no vamos a desalojar el parque viejo, puedes estar todo tranquilo. Y también hemos trasladado el borrador de la propuesta del nuevo convenio para poder en este caso poder firmar e intentar resolver este tema.

Por eso mi ruego es única y exclusivamente, ante esta petición que te he trasladado, poder tener una reunión, contigo, ¿vale?

Sr. Presidente

Puedo adelantarte respecto de Sabón, aunque el convenio ya no está en vigor y, por tanto, la comisión de seguimiento también decae.

Sr. Calvelo Martínez

Está en vigor, se firmó el convenio nuevo.

(Abandona o Salón de Plenos o Sr. Lage Tuñas).

Sr. Presidente

Da igual, en cualquier caso lo vamos a hacer a la mayor brevedad sin problema. Y, respecto al segundo tema, te vamos contestar en tiempo y forma en los 15 días de plazo que nos das, y con el espíritu de...

Sr. Calvelo Martínez

Sé que es en tiempo y forma, pero sobre todo la solicitud y el ruego es tener una reunión contigo.

Sr. Presidente

Vale muy bien, pues hecho.

Sr. Calvelo Martínez


Y lo único, Mónica, también en ánimo de buena voluntad, ayer nos llamaron que venía un camión con 4 palés de biondas de la carretera DP-512, no sabían dónde dejarlos, los hemos dejado nosotros en un terreno propio para que, siendo un material delicado y susceptible de robar que esté, ¿vale?, para también que veas que hay...

Sr. Presidente

Nos va a pedir un alquiler por eso, por la ocupación.

Sr. Calvelo Martínez

No vamos a pedir nada.



Sr. Presidente

Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:30 horas.